



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 26 /2018

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES AS TORRES DO ALLO, ANO 2018

Na Coruña, o 2 de maio de 2018

REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro Don Manuel Muíño Espasandín, Alcalde-Presidente do Concello de Zas

EXPOÑEN

- 1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor das Torres do Allo.
- 2.- O Concello de Zas leva cooperando coa Deputación provincial da Coruña na xestión das Torres do Allo, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e facer máis cercano o patrimonio á xente.
- 3.- O Concello de Zas quere intensificar a súa cooperación coa Deputación na xestión das Torres do Allo.
- 4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias, para a posta en valor deste conxunto arquitectónico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Zas acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Zas, CIF: P-1509400-F por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Zas, OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AS TORRES DO ALLO:

- Dar uso turístico ás Torres do Allo dentro dunha estratexia municipal e provincial.
- Impulsar o uso educativo e didáctico das Torres.
- Implicar á poboación local na posta en valor dos edificios e conectalo coa realidade da contorna

ACTIVIDADES NAS TORRES DO ALLO

NOME	SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES NO PAZO DAS TORRES DO ALLO. De xaneiro a decembro de 2018
TEMPORALIZACIÓN	Do 1 de xaneiro ao 30 de decembro de 2018
ACTIVIDADES	
Atención ao visitante	Atención ao público durante a súa visita, e dar servizos anteriores e posteriores, se os demandaran.
Comunicación e promoción	Elaboración dun programa de comunicación (web, xestión de redes sociais, Social Media Plan e Plan de medios).
Creación de espazo didáctico	Creación, habilitación e equipamento dun espazo para a realización de actividades e obradoiros didácticos.
Actividades de animación	Organización de varias actividades de animación relacionadas co Pazo: charlas divulgativas, presentacións de libros, actividades de lecer no Pazo...

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE ZAS.

ACTIVIDADES DE ATENCIÓN AO VISITANTE

Obxectivos:

- Facilitar o acceso do público ao recinto das Torres do Allo
- Orientar aos visitantes durante o seu percorrido polo pazo e espazos asociados.
- Facilitar aos visitantes folletos e información turística e cultural sobre as Torres do Allo e a súa contorna (Costa da Morte)
- Controlar o axeitado tránsito polo inmoble do público visitante
- Facilitar aos visitantes folletos de información turística e cultural sobre as Torres do Allo e a súa contorna (Costa da Morte)
- Prestar servizos a grupo visitantes
- Xestionar reservas

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se o houbese.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmoble e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolvan nas Torres do Allo non poderán superar o aforamento de 25 persoas no interior do mesmo, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello de Zas traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación do mesmo.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmoble seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

OITAVA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

NOVENA: VIXENCIA

- 1.O prazo de vixencia do presente convenio esténdese dende o 1 de xaneiro de 2018 e finalizará o 31 de marzo do 2019.
- 2.As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2018, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.
- 3.Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

DÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia num. 14439 de data 25 de abril de 2018.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ZAS

O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTO

Asdo.: XESUS SOTO VIVERO

Asdo.: MANUEL MUÑO ESPASANDÍN

O SECRETARIO  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA  
Asdo. JOSE LUIS ALMAU SUPERVÍA



- Realizar visitas guiadas a todo tipo de público (escolares, turistas, grupo organizados...)
- Facilitar a información ao público visitante en galego, castelán e inglés. A persoa que atenda aos visitantes debe saber dar unha explicación do conxunto nestes idiomas.
- Redactar mensualmente informes de xestión para dar conta dos resultados de público visitante.

#### ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN:

##### Obxectivos:

- Elaborar un programa de comunicación e promoción mediante os seguintes instrumentos:
- ✓ Implementación do manual de Identidade corporativa
- ✓ Xestión e mantemento da web das Torres
- ✓ Social Media plan
- ✓ Plan de medios
- Dar a Coñecer as Torres do Allo como recurso turístico de Zas e de toda a Costa da Morte.
- Levar a cabo unha labor didáctica orientada a escolares, ca á poboación local e cara o resto de visitantes procurando que eses mesmos fagan tamén unha labor de divulgación do recurso.
- Implicar á poboación local para que sexa participe do recurso e axude a impulsar progrmacións conxuntas.
- Divulgar o recurso e os seus contidos a través de diferentes ferramentas.
- ✓ Web das Torres do Allo
- ✓ Web do Concello de Zas
- ✓ Prensa e medios de comunicación
- ✓ Material impreso
- ✓ Mailings
- Realizar extratexias de divulgación e comunicación entre os diferntes públicos obxectivos das Torres:
- ✓ Profesionais da hostalaría de Zas
- ✓ Poboación de Zas
- ✓ Poboación de hostalaría da Costa da Morte e áreas limítrofes
- ✓ Puntos de información turística e museos
- ✓ Centros educativos da provincia e asociacións
- ✓ Axencia de viaxes e toruroperadores

#### CREACIÓN DUN ESPAZO DIDÁCTICO

##### Obxectivos:

- Implicar á comunidade escolar nunha actividades de aprendizaxe interactiva.
- Procurar novos públicos a través da realización de obradoiros específicos: obradoiros familiares, xubilados...
- Renovar o interese da comunidade local a través da realización de actividades participativas.
- Fomentar o traballo en equipo e a colaboración entre o público escolar.
- Desenvolver destrezas entre os nenos como a psicomotricidade, a empatía, toma de decisións, capacidade de planificación, creatividade...
- Promover un sentimento de aprecio e respecto polo patrimonio cultural

#### ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN

##### Obxectivos:

- Enriquecer a experiencia da visita e implica a poboación local no mantemento do patrimonio.
- Organizar actividades culturais e lúdicas no Pazo .
- Organizar charlas divulgativas e presentación de libros.
- Organizar visitas teatralizadas para colexios e visitantes.
- Implicar o tecido asociativo municipal para que participen activamente no desenvolvemento das actividades culturais organizadas desde o concello
- Implicar as artesanías locais para que desenvolvan activadaes de presentación dos seus produtos no Pazo.

##### Horarios e temporalización:

<b>Anualidades</b>	Do 6 de xaneiro ata 30 de decembro de 2018
<b>Inicio do servizo</b>	6 de xaneiro de 2018
<b>Entre el 6/01/2018 ata Semana Santa</b>	<b>Días:</b> Atención desde o 6 de xaneiro ata o 18/03/2018, e desde 07/04/2018 ata 10/06/2018: os sábados, domingos e festivos <b>Horario:</b> de 11:00 a 19:00 horas
<b>Semana Santa</b>	<b>Días:</b> Atención desde o 24 de marzo ata o 01 de abril, ambos Inclusive, todos os da semana. <b>Horario:</b> de 11:00 a 20:00 horas ininterrompidamente
<b>Verán</b>	<b>Días:</b> Atención desde o 15 de xuño ata o 16 de setembro, ambos incluídos, todos os días da semana. <b>Horario durante a semana e festivos:</b> de 11:00 a 20:00 horas <b>Horario de sábado e domingo:</b> De 11.00 a 21:00 horas

<b>Entre o 22 de setembro e o 30 de decembro</b>	<b>Días:</b> Atención desde o 22 de setembro e o 30 de decembro, ambos incluídos, de sábado a domingo, e festivos. <b>Horario:</b> de 11:00 a 19:00
--	--

##### Organización:

O responsable da organización é a Alcaldía, co apoio técnico dos departamentos de Cultura, Emprego e Desenvolvemento Local. O concello colaborará co persoal municipal no desenvolvemento de todas as actividades complementarias ao servizo de Atención ao visitante, mediante a organización de charlas, xornadas temáticas, presentación de libros e actividades de tipo cultural e lúdico. Todo isto co obxectivo de converter o Pazo nun punto de atención cultural de referencia.

##### TERCEIRA: DISPOSICIÓN COMÚN:

O Concello de Zas fará constar en todas as actividades, programas, folietos e cartéis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña

##### CUARTA: OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña aboará ao Concello de Zas a cantidade de 46.596,37 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes as Torres do Allo e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2018 ata o 31 de decembro de 2018, con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3363/22609 e con arranxo ao seguinte desglose:

PERIODO	DESDE O 6 DE XANEIRO ATA 30/12/2018	
<b>Orzamento</b>		
<b>A</b>	<b>Recursos humanos</b>	<b>17.909,40 €</b>
	Empresa contratada	
<b>B</b>	<b>Plan de comunicación</b>	<b>4.950,00 €</b>
<b>C</b>	<b>Creación de espazo didáctico</b>	<b>8.150,00</b>
<b>D</b>	<b>Actividades de animación</b>	<b>7.500,00</b>
	• Room escape Torres do Allo	400,00
	• Organización de exposicións	1.600,00
	• Visitas teatralizadas	2.000,00
	• Día do xogo tradicional	350,00
	• Concurso fotográfico Enfoques do Allo	400,00
	• Mercado tradicional día de San Ramón	800,00
	• Monografías do Allo/Congreso sobre valores patrimoniales das Torres	900,00
	• Magosto no Souto	350,00
	• Outras actividades (Samaín, xogo de pistas para familiar, ciclos de música, transportes activadaes, publicacións, charlas telemáticas, presentación de libros, actividade colexios, etc)	700,00
	<b>TOTAL</b>	<b>38.509,40</b>
	<b>IVE</b>	<b>8.086,97</b>
	<b>SUMA TOTAL CON IVE (A+B+C+D)</b>	<b>46.596,37 €</b>

##### QUINTA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Zas a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira: Efectuaranse 4 pagos trimestrais , polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Zas. Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes. Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización. Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Zas deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.